

INDICADOR ABANCA FORO DE CONXUNTURA ECONÓMICA DECEMBRO 2016

A actividade económica galega remata 2016 cun crecemento do 3,4%

Texto:
28.02.2017

O Indicador Abanca Foro de Conxuntura Económica amosa que a economía galega rematou o ano 2016 medrando ao 3,4%, en relación ao peche da actividade económica galega no exercicio 2015. O crecemento intertrimestral (octubro-décembro) da actividade presenta un crecemento do 0,8% en relación ao trimestre anterior.

Sectores que máis medran en 2016 (máis do 5% de crecemento anual):

- Exportacións de bens
- Cifra de negocios do sector servizos
- Cifra de negocios da industria
- Transporte aéreo de pasaxeiros

Únicos sectores en decrecemento da actividade en 2016:

- Producción de automóbiles
- Importación de bens

O crecemento da actividade económica galega en 2016 é o máis elevado das series anuais dende hai 9 anos, se ben a aceleración continua detectada en meses pasados tocou teito en novembro, cando se acadou unha taxa interanual do 3,7%. O Indicador Abanca Foro de Conxuntura está elaborado polo Foro Económico de Galicia a partir da análise e cuantificación de 15 variables económicas que inclúen cifras de emprego, facturación empresarial, comercio internacional, actividade portuaria ou actividade industrial.

Os estudos están elaborados por un equipo de expertos do Foro Económico de Galicia, baixo a dirección dos profesores Fernando González Laxe, Xosé Francisco Armesto Pina, Patricio Sánchez Fernández e Santiago Lago Peñas.

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento das universidades e empresas galegas á sociedade. Está integrada por máis de 50 profesores e investigadores das tres universidades galegas, empresarios e directivos e xornalistas especializados en divulgación económica.